

Narrativa vanguardista de Pexegueiro

Relatos para salferir

Autor: Alfonso Pexegueiro.

Edita: Xerais.

Colección Vento Branco, 1981.

Contra primeiros dos oitenta a literatura galega estaba a asistir a un despegue tanto cuantitativo coma cualitativo que abriría unha etapa de progreso na que, afortunadamente, aínda continuamos. Foron varios os títulos e autores que a crítica daquel tempo salientou e

Alfonso Pexegueiro nos anos oitenta.



que hoxe, coa distancia que o tempo proporciona, vemos como fitos senlleiros da nosa historia literaria máis recente.

Entre os autores que gozaron entón de aplauso unánime cóntase Alfonso Pexegueiro, quen deu á poesía dos albores democráticos un texto fundamental, sen o cal dificilmente pode comprenderse o punto de inflexión que nese tempo se produciu na nosa lírica. Estou a me referir, claro está, a *Seraogna* (1976).

Ora ben, poucas veces se lembra que o de Angoares deu tamén ao prelo por aqueles anos un volume narrativo de valor certo que complementaba as vías de exploración rupturista e neovanguardista que ensaiaba nos eidos poéticos. *Rela-*



pra salferir (1981), máis dun cuarto de século despois, segue asombrando pola súa inmersión nun universo de onirismo extremo, de surrealismo subrepticio que gabea polas planas inzándoo todo dunha plástica poemática presidida por continuas transgresións gráficas que dinamitan a puntuación, os guionados, os diacríticos e símbolos duns textos fortemente icónicos.

Pexegueiro representou como poucos a fusión interxenérica e a mestizaxe dos discursos daquel tempo”

Pexegueiro representou como poucos a fusión interxenérica e a mestizaxe dos discursos daquel tempo, establecendo co lector unha complicidade cominatoria asentada na interlocución directa, apelativa, case desafiante e sempre desacralizadora, deixando deliberadamente non xa lugares de indeterminación, senón furnas insondables de estruturas textuais profundas que había que re-empastar comprensivamente.

O resultado de todo isto foi un conxunto de catorce historias e un limiar que consagraron definitivamente un artefacto literario interartístico con múltiples referencias ao mundo da música e o cinema, mais, sobre todo, de reemisións metaliterarias onde Rimbaud e Proust convivían con Wolfe e Artaud, e Musil e Kafka daban a réplica a Faulkner e Petronio.

De por parte, as narracións mergullaban en espazos insólitos, que tanto ancoraban no desencanto da loita antisistema xa aburguesada coma nos amores rabuñados nados da necesidade dun sexo parasitario, igual se intemaban na dura vida da emigración mineira de días cortados a cantil coma no retrato da beleza fría e melancólica da muller vulgar, frecuentadora de cafés e infinitas e noctámbulas copas.

O que comparecía era o alustro do microrrelato didascálico, o desamor que estarrica o cor, os océanos fluíndo a separar as parellas, as caravanas alucinadas, apocalípticas. Un relatar paraes-

quizoide, de mourisimos pesadelos, de visións esperpénticas e deformadoras dunha realidade que, tantas veces, se sentía allea e inaprensible.

Relatos pra salferir, como deixou explicado o propio Pexegueiro nunha “Nota” conclusiva, foi un libro que xogaba a “descubrir o mundo ou a acabar con el”, ese mundo que el vía como “unha forma salvaxe de convencionalismos encadrados nun contexto material, torpe e sempre primitivo que non damos en visualizar, dominar e gozar”. Augurio visionario que explica a actualidade dun poemario ao que cómpre regresar. ●

Armando Requero

ENSAIO.

Surrealismo norteamericano contemporáneo

¿Que hay de nuevo, viejo?

Texto y declaraciones del Movimiento surrealista de los Estados Unidos (1967-1999)

Autor: Grupo Surrealista de Chicago.

Edita: Pepitas de Calabaza.

Até 1967 o Surrealismo nos Estados Unidos é, simplemente, ou a historia dunha influencia, de Ernst, Masson e Paalen, sobre todo, no expresionismo abstracto americano, ou o relato de exposicións sobre Surrealismo ou de exposicións surrealistas neste

país, coa engádegas das actividades surrealistas, de surrealistas franceses exiliados, durante a Segunda guerra mundial. No >>>

